

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

RESOLUCIÓN do 7 de xuño de 2022, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se nomean novos membros do tribunal cualificador do concurso-oposición para o ingreso na categoría de telefonista, convocado pola Resolución do 29 de decembro de 2020.

Mediante a Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, do 20 de xaneiro de 2022 (DOG núm. 22, do 2 de febreiro), procedeuse ao nomeamento do tribunal cualificador para o ingreso na categoría de telefonista.

Na base sétima da Resolución do 29 de decembro de 2020, de convocatoria do proceso, dispónse que a autoridade convocante publicará no *Diario Oficial de Galicia* a resolución pola que se nomeen novos membros que teñan que substituír os que perderon a súa condición por algunha das causas previstas.

De conformidade coa mencionada base, e por circunstancias sobrevidas, esta dirección, como órgano convocante do proceso,

ACORDA:

Nomear, con efectos desde a data da presente resolución, novos membros, na condición de secretario/a titular e suplente, do tribunal cualificador do concurso-oposición para o ingreso na categoría de telefonista, convocado pola Resolución do 29 de decembro de 2020 (DOG núm. 8, do 14 de xaneiro de 2021), nos termos que a seguir se indican:

Secretario titular: Potel Villar, Daniel, funcionario do corpo superior da Administración da Xunta de Galicia, en substitución de Dubert García, M^a de la O, funcionaria do corpo superior da Administración da Xunta de Galicia.

Secretaria suplente: Ríos Carro, M^a José, persoal estatutario de xestión e servizos, grupo de xestión da función administrativa, en substitución de Potel Villar, Daniel, funcionario do corpo superior da Administración da Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2022

Ana María Comesaña Álvarez
Directora xeral de Recursos Humanos

